



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de usos administrativos  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tño.: 981 620 075 Fax: 981 621 274

## ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 08/06/2020 a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Consulta Pública ORDENANZA Mobilidade, Tráfico e Seguridade Viaria)**

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obriga de establecer anualmente un Plan Normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan por Resolución de alcaldía 983/2020 publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada o día 3 de xuño de 2020, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía, ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a ova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación a nova regulación/modificación parcial por ordenanza denominada *Mobilidade, tráfico e seguridade viaria* por esta alcaldía elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

### **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir un prazo de 15 días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación á nova ordenanza *Mobilidade, tráfico e seguridade viaria* que se vai redactar:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende o día seguinte ao da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telemáticamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.”

\_\_\_\_\_

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

### **-Tableiro, Web e Sede Electrónica**

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA DE MOBILIDADE, TRÁFICO E SEGURIDADE VIARIA

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. O artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, outorga aos concellos a potestade regulamentaria dentro do ámbito das súas competencias, e o artigo 25.2.b) do mesmo texto legal dispón que o concello exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha Ordenanza que regule os aspectos relacionados coa mesma dentro do Municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula á poboación xa sexa na súa faceta peonil ou condutora, razón pola que require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias.

Mediante esta ordenanza o Concello pretende regular diversas cuestións en materia de mobilidade co fin de exercer as competencias atribuídas aos Municipios no Real Decreto 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito. Igualmente, regular determinados aspectos relativos ao réxime de utilización privativa ou aproveitamentos especiais sobre as vías públicas que, incidentalmente, gardan relación coa mobilidade.

Segundo o recollido no artigo 7 da Lei, corresponde aos municipios:

a) A regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan en devanditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

b) A regulación mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.

c) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non dispoñan de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida, ata que se logre a identificación do seu condutor.

A retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo para a circulación, ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo. As bicicletas só poderán ser retiradas e levadas ao correspondente depósito se están abandonadas ou se, estando amarradas, dificultan a circulación de vehículos ou persoas ou danan o mobiliario urbano.

Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos términos que regulamentariamente se determine.

d) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra i exclusivamente polo casco urbano, exceptuadas as travesías.

e) A realización das probas a que alude el artigo 5.o) nas vías urbanas, nos termos que regulamentariamente se determine.

f) O peche de vías urbanas cando sexa necesario.

g) A restrición da circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos medioambientais.

Durante as últimas décadas os cambios socioeconómicos acontecidos no mundo afectaron substancialmente ao transporte urbano. A mobilidade nas cidades actuais se caracteriza por un continuo crecemento do nivel de motorización. Segundo o INE, case o 70% dos fogares dispón a lo menos dun



Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

vehículo (excluídas as motocicletas), e o 30% restante non dispón de vehículo propio. Esta fracción de poboación dispón de menos oportunidades para acceder a emprego, servizos i equipamentos, atopándose excluídos socialmente fronte aqueles que si dispoñen de vehículo.

Esta ordenanza vén a substituír a antiga Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, publicada o 21/05/2010 no BOP núm. 94., adaptándose ao recollido no RD 6/2015 e está motivada tamén polo interese en establecer un marco normativo favorable para o fomento e priorización doutros medios de transporte fronte ao vehículo privado, en particular da mobilidade peonil en canto que todos os usuarios da vía pública nalgún momento adquiren esta condición.

A recente aparición e proliferación de novos medios de transporte urbano, como son os vehículos de mobilidade persoal (VMP) require tamén que se regule a súa utilización co fin de garantir un uso adecuado dos espazos públicos por toda a cidadanía.

Dado que na actualidade carecen dela, a Dirección General de Tráfico (DGT) redactou a instrución num. 16/V-124 para os VMP, na que se propoñen uns criterios que servirán de base aos Concellos para redactar as súas propias normativas que regulen a circulación de esta clase de vehículos nas vías urbanas.

Para a elaboración do texto terase en conta tamén o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias do 29 de outubro de 2018, sobre o uso da beirarrúa e a prioridade peonil, así como a regulamentación tramitada por outros entes Locais.

Os obxectivos da ordenanza reguladora da mobilidade son, fundamentalmente:

- Regulación dos usos das vías urbanas e travesías facendo compatible a necesaria fluidez do tráfico rodado co uso peonil das rúas.
- O establecemento de medidas co fin de aumentar a rotación dos estacionamentos prestando especial atención ás necesidades das persoas con diversidade funcional que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.
- Contribuír á mellora do medio ambiente urbano, a saúde e seguridade viaria da cidadanía, facilitando unha accesibilidade eficaz, eficiente e segura aos servizos básicos e unha recuperación do espazo público dispoñible para as persoas.
- Promover a diminución do consumo de enerxía e a mellora da eficiencia enerxética.
- Fomentar os medios de transporte de menor custe social, económico, enerxético e ambiental, tanto para as persoas como para mercadorías, así como o uso dos transportes público e colectivo e outros modos non motorizados.
- Fomentar a modalidade e intermodalidade dos diferentes medios de transporte, considerando o conxunto de redes e modos de transporte que faciliten o desenvolvemento de modos alternativos ao vehículo privado.
- Mellora da seguridade viaria, diminución de accidentes e diminución da conxestión do tráfico o que repercutirá nunha redución dos tempos de viaxe e unha diminución dos niveles de ruído e contaminación.

Sada, na data da sinatura dixital.

O alcalde.

Óscar Benito Portela Fernández